



## **ACHEGAS SOBRE A SITUACIÓN DO GALEGO NO ÁMBITO EDUCATIVO**

# **Charter for Regional or Minority Languages**

**Madrid, 6 de xullo de 2011**

**ACHEGAS DA COORDINADORA GALEGA DE ENDL (EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA) SOBRE A SITUACIÓN DO GALEGO NO ENSINO PARA O *Informe sobre o cumprimento en Galicia da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias (CELRM)***

**0- Presentación**

A Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL) é un colectivo integrado por ENDL (actualmente denominados EDLG) de centros de ensino públicos, privados e concertados de toda Galicia. A CGENDL naceu en abril de 2009 coa idea de coordinar e fomentar actividades e experiencias dos equipos, ao tempo que lles serve de voz pública. A CGENDL está formada por profesorado de ideoloxías moi plurais mais unidas por un mesmo ideario lingüístico: a normalización da lingua galega. A CGENDL non ten ánimo de lucro e os seus membros participan nela dunha forma voluntarista.

Os Equipos de Normalización Lingüística (ENL) foron creados pola administración educativa en 1991 coa finalidade de promover o uso do galego nos centros educativos galegos. No ano 2007 pasaron a chamarse Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (ENDL) e no 2010 pasaron a ser Equipos de Dinamización da Lingua Galega (EDLG)<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> Os equipos están formados por un docente coordinador/a, un mínimo de tres membros do profesorado e do alumnado (agás no ensino infantil e primario) e un do persoal non docente.

**1- Situación do galego no ensino trala última modificación legislativa (Decreto 79/2010 de 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia)**

Este Decreto supuxo a ruptura dunha situación de consenso político en canto á normalización en xeral, e ao ámbito do ensino en particular, que se materializou no Plan xeral para a normalización da lingua galega (PXNLG<sup>2</sup>) aprobado por unanimidade por todos os partidos políticos do Parlamento Galego o 21 de setembro de 2004.

Seguindo ese Plan xeral (PXNLG) aprobouse un decreto (Decreto 124/2007<sup>3</sup>) que estaba en vigor cando se realizou o Informe sobre o cumprimento da CELRM en 2008, pero foi mudado aos dous anos por estoutro moito máis regresivo que **pon en perigo non só a pervivencia da lingua, senón tamén a adquisición dunha mínima competencia en galego entre as xeracións máis novas.**

O Decreto actualmente en vigor creou unha enorme polémica e foi recorrido por diversas entidades. Resulta, ao entender da CGENDL, un retroceso obxectivo nos intentos de normalizar a lingua galega no ensino xa desde a súa planificación, que se pode cualificar de perniciosa debido a:

- a- Non parte da análise da realidade sociolingüística de Galicia, na que existen dúas linguas que non están na mesma situación.
- b- O devandito Decreto 79/2010 non nace para avanzar na LNL, senón para derogar, por motivos políticos e non pedagóxicos, un decreto anterior (Decreto 124/2007), responsable dos avances dos que se dá conta no III Informe para a avaliación da CERLM, sen que previamente fosen avaliados os resultados da súa aplicación e sen demostrar que fose inadecuado para acadar os fins que

---

<sup>2</sup> O PXNLG conclúe que o Decreto 247/95 para a normalización do galego no ensino era insuficiente para conseguir os obxectivos para os que fora aprobado: que o ensino obrigatorio garantise unha competencia plena no idioma galego e repercutise de forma efectiva na súa adopción como lingua habitual por parte das novas xeracións.

<sup>3</sup> Este Decreto (124/2007) Establecía unha oferta educativa en galego en preescolar (0-3 anos) e na educación infantil para todos os nenos e nenas galegofalantes e fixaba, como mínimo, un terzo do horario semanal en galego nestas etapas educativas para os contextos e contornos nos que a lingua predominante fose o castelán, coa intención de que esta porcentaxe se fose incrementando progresivamente. Na educación primaria e secundaria, obrigatoria e post-obrigatoria buscaba garantir que, como mínimo, o alumnado recibise o 50% da súa docencia en galego. Supoñía un avance fronte ao anterior Decreto (247/1995) que supuxo un primeiro chanzo no labor de normalizar a lingua no ensino ao desenvolver a Lei 3/1983i de normalización lingüística(LNL) e determinaba que se debía empregar, con carácter xeral, a lingua propia de Galicia como lingua da administración educativa e establecía a impartición de dúas materias, como mínimo, en galego.

perseguía. Quere aparecer como salvador dun hipotético problema creado polo decreto anterior que, os membros da CGENDL, que estamos a diario nos centros de ensino, constatamos que non existía. Na redacción do documento insisten en xustificar a necesidade dun novo con argumentos como:

- a. Alúdese a que o Decreto 124/2007 foi considerado non conforme a dereito polo Consello Consultivo baseándose en lecturas parciais e interesadas do informe deste organismo cando realmente este órgano fixo unha recomendacións que se tiveron en conta na redacción final deste mesmo.
- b. Critica o modelo anterior porque non establecía uns mínimos en castelán, a lingua maioritaria, acusándoo de modificar o modelo de conxunción de linguas, algo que é falso. Di textualmente: *O Decreto 124/2007, do 28 de xuño, orientouse nomeadamente cara á obtención dunha competencia axeitada en lingua galega no ensino obrigatorio, sen o establecemento dun número ou porcentaxe mínima de materias impartidas en lingua castelá, o cal podería chegar a cambiar o modelo de conxunción de linguas desenvolvido en Galicia desde o inicio da autonomía e aceptado por todos os galegos e galegas. (DOG Nº 97 Martes, 25 de maio de 2010, páx. 9242).* Obviamente, as medidas de discriminación positiva deberán ser para a lingua minorizada.
- c- O texto contradí, pese ao que sinala na “exposición de motivos”, os preceptos da LNL (Lei de normalización lingüística ) xa que restrinxe o uso do galego (lingua minorizada) como lingua vehicular e como lingua da administración educativa e fixa mínimos para o castelán (lingua hexemónica).
- d- Deixa de ser un Decreto coma os anteriores destinado a promover o galego no sistema educativo e aparece como o Decreto do plurilingüismo, abríndolle a posibilidade para que os centros de ensino ofrezan un terzo das materias en lingua estranxeira, nomeadamente en inglés. As horas restantes repartíranse “equitativamente” entre castelán e galego mais isto é un camiño para a eliminación de horas en materias da lingua minorizada, xa que os centros que se acollen ás seccións bilingües, na súa maioría, imparten en inglés as materias que se deberían dar en galego deixando para esta lingua as materias que non

usan libros de texto ou que son consideradas polas familias como “menos importantes” para a educación dos seus fillos/as, por exemplo educación física e música.

- e- A intención anti-normalizadora é tal que ata eliminan a palabra “normalización” do nome dos propios Equipos de normalización (e dinamización) lingüística, que pasamos a ser “Equipos de dinamización da lingua galega”.

Existen diversos aspectos que demostran que con este Decreto se produce unha **involución na normalización do galego nas diferentes etapas do ensino** non universitario e que está a ter consecuencias xa palpables:

- 1- **Educación infantil: O decreto legisla impedindo que se cumpran os obxectivos marcados no currículo de Infantil**, ao non regular nin permitir aos centros que deseñen as accións pedagóxicas encamiñadas a **conseguir que o alumnado domine as dúas linguas oficiais**. Obrígase a utilizar a lingua predominante, quedando a minorizada sen a promoción necesaria para que se acaden os obxectivos. Os nenos e nenas dominan a que xa coñecen, sendo moi difícil que en contornos castelán-falantes aprendan o galego. Isto deriva de que no Decreto 124/2007 a lingua da contorna era establecida polo claustro tendo en conta parámetros obxectivos (datos do *Mapa Sociolingüístico de Galicia*, Instituto Galego de Estatística, etc.) e tamén a información que achegasen as familias; agora só se atende a isto último como único criterio para establecer a “lingua materna<sup>4</sup>” baixo un criterio falaz de liberdade de escolla<sup>5</sup>; e non se prevén situacións como a posibilidade de que esa información non coincida coas observacións do profesorado na aula, que a lingua da familia non sexa ningunha das linguas oficiais, que o pai e a nai se comuniquen en linguas diferentes, que os prexuízos lingüísticos das familias condicionen a resposta,

---

<sup>4</sup> Este primeiro curso de aplicación determinouse a lingua materna mediante unha enquisa de moi dubidosa validez, pasando agora fixar a consulta ás familias baixo unha nova “Lei de Convivencia” que busca darlle cobertura legal a calquera consulta para determinar a elección da lingua vehicular no ensino.

<sup>5</sup> Moitas familias mostran o seu descontento con estas medidas de carácter regresivo, sobre todo as que afectan ao ensino infantil, nas que se vende “liberdade de escolla para os pais/nais” que non é real no caso dos que pretenden que a lingua do ensino sexa o galego. Hai estudos (coma o do sindicato STEG) que refliten que houbo un 40% dos pais e nais que non foron respectados cando escolleron o ensino da lingua galega para os seus fillos. A maioría constatan que con esta medida os seus fillos están perdendo o contacto coa lingua máis desprestixiada e desfavorecida.

etc. Así a escolla da lingua materna a través dunha enquisa, previa á matrícula dos nenos e nenas de tres anos, deixa fóra a realidade sociolingüística de moitas familias, que teñen como lingua materna o galego. Ademais, a nova normativa apunta que “se atenderá de xeito individualizado o alumnado que non teña coñecemento suficiente na lingua predominante na aula” pero esta medida é disgregadora porque impide a integración dos nenos e nenas na aula, obxectivo fundamental da Educación Infantil.

- 2- **Educación Primaria: Redúcese** o número de horas impartidas en galego. Concédese ao alumnado liberdade para romper a dinámica pedagóxica das materias en canto á utilización das linguas e abre as portas para que non se imparta en galego ningunha materia máis que a propia de lingua, ao posibilitar que a través de proxectos de innovación se impartan en inglés as materias en galego estipuladas no Decreto.
- 3- **Educación Secundaria: Redúcese** o número de horas impartidas en galego, xa que se imparten, de xeito obrigatorio, en galego dúas materias (Ciencias da Natureza/Bioloxía e Xeoloxía; Ciencias Sociais/Xeografía e historia) e en castelán tres (Matemáticas, Tecnoloxías e Física e Química). Isto supón a premeditada **eliminación do galego do ámbito científico-tecnolóxico**, ao tempo que redundará en que haxa **máis horas en castelán** que en galego para materias que a maioría de pais e nais consideran fundamentais para a educación dos seus fillos e fillas.
- 4- Medidas como as de que o **alumnado poida usar a lingua da súa preferencia nas aulas** indican un retroceso non só con respecto ao Decreto 124/2007 senón incluso con respecto ao Decreto 247/1995 no que se dicía que “se procuraría” que nas materias en galego o alumnado empregase esta lingua. Así contradíse de novo a Lei de normalización lingüística (artigo 14) que indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais, algo imposible cando se deixa que o alumnado decida en cal idioma se quere expresar, xa que a competencia implica dominio activo a nivel escrito e tamén oral, algo dificilmente alcanzable se non se practica.
- 5- **Exención de lingua galega**: concédese exención de lingua galega durante dous cursos académicos a partir do 3º ciclo de Educación Primaria para o alumnado

que proveña de fóra da comunidade galega; porén, esta exención non se ofrece para o castelán en alumnado que descoñeza este idioma<sup>6</sup>.

- 6- **Escaseza de materiais en lingua galega.** Estamos diante dun decreto que, pese a desenvolver a LNL, promociona materiais educativos na outra lingua oficial e en linguas estranxeiras, feito que derivou en que varios grupos editoriais abandonasen a publicación de materiais en galego ao non contar co respaldo da administración. Xa no primeiro curso de aplicación real do decreto obsérvase a ausencia total de novos materiais de aula -libros de texto, recursos de apoio, etc.- nas materias que o decreto asigna ao castelán en primaria e secundaria<sup>7</sup>, sendo máis acuciantes as carencias en recursos para a adquisición da lecto-escritura no ensino infantil.

Esta situación de restrición do galego no ensino, fronte á progresividade que se pedía na LNL, estanos levando a unha situación de falta de competencia do alumnado na lingua propia de Galicia, impedindo que se cumpra o que establecía a propia LNL (art. 10) e mais os currículos das diferentes etapas que sinalan que o alumnado debe dominar as dúas linguas da comunidade, e, polo tanto, acelerando un proceso de perda de falantes, sobre todo nos ámbitos urbanos, que constatan todos os estudos feitos ata o momento (Real Academia Galega, Instituto Galego de Estatística, Consello da Cultura Galega...)

Tal e como se pode ver no dossier de prensa que acompañamos, a aprobación deste Decreto foi motivo de contestación social e ao mesmo tempo dun intento de xustificación por parte da administración que conseguiu facerlle chegar á sociedade a mensaxe de que cumpría poñerlle límites á lingua minorizada e ademais que moitas medidas de protección no ensino supoñían un ataque contra a poboación.

---

<sup>6</sup> Asemade, resulta contradictorio que, por exemplo, alumnado lusófono estea exento de galego (idioma da mesma base lingüística ca o portugués) e si teña que cursar a outra lingua oficial de Galicia.

<sup>7</sup> Hai que ter en conta que estas materias poderían impartirse en galego se os pais decidisen mudar as obrigatorias en galego polas obrigatorias en castelán.

De feito as intencións da administración non pasan só por un cambio lexislativo como foi este decreto senón que a falta de interese na normalización da lingua galega detéctase en moitas outras accións, tal e como indicamos na seguinte epígrafe.

### **3. Outras medidas que impiden a normalización do galego no ensino**

Os ataques cara ao galego e o pouco interese na súa defensa e promoción evidéncianse tamén noutros aspectos que demostran que non hai unha aposta clara pola nosa lingua no ensino, ámbito clave para a súa recuperación:

**a) Eliminación** do proxecto piloto de **inmersión en infantil** denominado “liñas de galego” que posibilitaba aos centros de ensino ofertar aulas con ensino na lingua minorizada. Esta medida (proposta no PXNLG) contaba cun amplo apoio das familias e con resultados académicos excelentes, era ademais, na maioría dos casos, a única posibilidade de que o alumnado urbano puidese achegarse á lingua galega para adquirir unhas mínimas competencias.

**b) Eliminación das Galescolas** (Escolas infantís para a etapa 0-3 anos) nas que era garantido un ensino maioritariamente en galego (podía chegarse aos  $\frac{2}{3}$  de ensino en galego, non a un 100%, tal e como indica o goberno actual).

**c) Exención** nas probas de selectividade na materia de lingua e literatura galegas para o alumnado que curse 1º de bacharelato no estranxeiro (mais obriga de examinarse de lingua e literatura castelá)

**d) Falta** de apoio á publicación editorial en galego, o que derivou nunha redución drástica dos fondos dedicados a este aspecto.

**e)** En canto ao **profesorado** tamén se produciron importantes **reducións** na necesidade de demostrar o coñecemento da lingua minorizada e propia de Galicia, xa que as probas de competencia en lingua galega deixaron de ser eliminatorias para o acceso ao funcionariado, incluído o docente, na comunidade autónoma.

**f)** Redución do **uso da lingua dentro da propia administración** educativa, desenvolvendo accións contrarias á presenza da lingua minoritaria na documentación

oficial da comunidade autónoma e tendo cada vez máis presenza a documentación monolingüe en castelán expedida pola administración educativa galega<sup>8</sup>.

**g) A eliminación do galego nas novas tecnoloxías para o ensino:**

- a. O mundo científico e tecnolóxico, máis vinculado ás TICs e tradicionalmente cun maior número de recursos relacionados con elas, impártese exclusivamente en castelán, co que non só se marxina o galego do mundo científico (a mensaxe é que as novas tecnoloxías falan en castelán) senón que se impide por esta vía a creación de material e recursos relacionados coas TICs, tanto no ámbito do profesorado que imparte estas materias (non poden elaborar material en galego para unha área que se imparte en castelán) coma no institucional (a Xunta non promove material en galego para estas áreas).
- b. A implantación do **Proxecto Abalar**<sup>9</sup> provocou outro retroceso importante da presenza da lingua galega nas aulas. Os materiais que se incluíron no Servidor de Recursos da aula Abalar son moi escasos para todas as materias, e están maioritariamente en castelán. Sirva como exemplo que para a materia de lingua galega tan só hai no servidor dous recursos (moi, moi pobres) para a ESO. A Xunta non promoveu a creación de recursos TIC, e nin sequera se molestou en traducir ao galego o material que hai en castelán. Abandonouse a creación de material específico en galego, e mesmo na área de Lingua Galega e Literatura houbo unha desidia total. O uso de Internet nas aulas Abalar tamén supón unha marxinación do galego, pois tanto a prensa dixital coma as principais fontes de información ignoran por completo a nosa lingua; e non hai por parte da Xunta unha alternativa que tenda a compensar este desfase que converte o galego en invisible
- c. Os recursos que había ata agora no Portal Educativo da Xunta de Galicia, moitos deles en galego, foron retirados sen aviso ningún. Deste

---

<sup>8</sup> Un exemplo claro disto está na documentación necesaria para solicitar os campamentos de inglés de verán que se ofrece só en castelán por ser xestionada por unha empresa de Madrid a pesar de emitirse pola Consellería de educación e dirixirse a familias da comunidade galega exclusivamente.

<sup>9</sup> ABALAR é, en palabras da Consellería de Educación, “o proxecto que substancia a estratexia para a **integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia**, como unha das áreas prioritarias de intervención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria”.

xeito, proxectos coma o Proxecto Biosfera, que estaba traducido ó galego no Portal Educativo e dispoñible para o uso en Ciencias da Natureza, foron retirados e na actualidade para poder utilizar ese material de gran valor didáctico é necesario acudir ó portal do MEC, que ten ese material en castelán. E isto pasa nunha materia que aínda se imparte en galego; en Matemáticas e Tecnoloxía a ausencia de material en galego é total.

**h) Recortes orzamentarios** para o fomento da lingua. No último curso houbo unha redución do 20% do orzamento destinado aos proxectos de fomento do uso da lingua galega que deseñan e desenvolven os Equipos de normalización e dinamización lingüística.

En **conclusión** pódese dicir que houbo un **claro retroceso da presenza do galego** na educación infantil, primaria e secundaria a través do decreto vixente (se o decreto 124/2007 contiña deficiencias respecto aos compromisos asinados na Carta Europea, o novo decreto do 2010 presenta moitas máis por ser moito máis restritivo respecto aos dereitos da lingua minorizada, contendo propostas que entran en contradición e mesmo incumpren a Lei de Normalización Lingüística vixente). A filosofía que subxace de fondo é a eliminación de calquera iniciativa de "discriminación positiva" para o galego, xa que se parte de que é o castelán a lingua que sofre discriminación polo que as medidas do actual goberno diríxense a conseguir o "reequilibrio" co que supostamente acabou a implantación do decreto 124/2007. Para facer isto pártese do incumprimento dos compromisos unánimes do Parlamento Galego recollidos no Plan Xeral da Lingua Galega de 2004 e adóptanse medidas como permitir que os pais e nais decidan a lingua ou asegurar que o galego nunca supere o castelán na carga lectiva, feito que redunda na discriminación histórica que sufriu o galego no ensino.

**Santiago de Compostela, 5 de xullo do 2011.**

Valentina Formoso Gosende (Coordinadora xeral da CGENDL)